

## Pilar García Negro recibe o sábado unha homenaxe

X.M.P.

Pilar García Negro recibe o vindeiro sábado, en Lugo, unha homenaxe. A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) organiza os actos, que levan por lema A Escritora na súa Terra-Letra E e nos que colabora o Concello.

Como adoita ocorrer nestas homenaxes, o programa inclúe a plantación dunha árbore: neste caso será un mag-

nollo, e o lugar elixido, a Praza de Ferrol, preto do seu lugar natal. Tras ese acto, previsto para as once e media da mañá, na Casa do Concello terá lugar a entrega do E, que será unha peza elaborada por Mónica Alonso; despois, ás dúas e media, terá lugar un xantar.

A alcaldesa, Lara Méndez, salientou sa traxectoria de García Negro na presentación da homenaxe, que se relai-zou onte no salón de plenos.



García Negro foi pregoeira do San Froilán no 2012. Ó. CELA

«Onde está Pilar, está Galicia», dixo Méndez, que tamén rendeu homenaxe ao labor da AELG. O presiden-

te, Cesáreo Sánchez, amosouse satisfeito de que García Negro elixise Lugo como lugar da homenaxe.